XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

19 de xaneiro de 2008

Curso 2008/09 nº 15

boletin@edu.xunta.es



# BOLETÍN INFORMATIVO

## Programa PALE, ampliación do prazo de solicitude

Amplíase o prazo de presentación de solicitudes ata o día 31 de xaneiro de 2009. As solicitudes realizaranse a través da aplicación www.edu.xunta.es/pale. O programa PALE, itinerario formativo completo de tres fases (fase local con substitución de un mes, fase no estranxeiro e fase de produción de materiais), está dirixido a: 1) Profesorado de inglés en educación infantil. 2) Profesorado de inglés en educación primaria. 3) Profesorado CLIL (seccións bilingües) de primaria, secundaria ou formación profesional que imparte a súa área, materia ou módulo non lingüísticos en inglés ou francés. 4)Profesorado con compromiso de participación no programa de Seccións Bilingües a partir do curso 2009-2010. Acceso

### Materiais de uso educativo

- Vogote, comunicación paralela con xestos internacionais
- Axencia Espacial Europea
- The Space Place da NASA
- Ano Internacional da Astronomía
- Primavera de Europa
- Aprender a estudar

## Inmersión verán 2009

O prazo para solicitar a participación no programa de Inmersión verán 2009 remata o próximo 9 de febreiro. As solicitudes só se poderán cubrir *on line* no web: www.edu.xunta.es/axudasle

As axudas están dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma galega.

Acceso




## Día Escolar pola Paz

O día 26 de xaneiro reúnese o Observatorio da Convivencia.

No web de Convivencia do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte pódense atopar materiais de traballo. Acceso

No web do Seminario Galego de Educación para a Paz, encóntranse varios materiais didácticos. Acceso

Anuncio publicitario "Alza a túa man contra o castigo corporal", do valedor do pobo. Acceso




## Visitas didácticas no Mupega

O Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega) invita os centros educativos a participar nunha serie de experiencias didácticas: actividades interdisciplinares durante o percorrido da visita; obradoiro de lectura e de escritura Vella Escola, co emprego da pluma, "pizarra" e "pizarrín" e explicación de obxectos e recursos didácticos; patio de recreo, desenvolvendo xogos tradicionais (os zancos, a porca, a ra, a billarda, etc.); ludoteca, coa autoconstrución dalgúns destes xoguetes (dirixido a educación infantil). Formulario de solicitude de visitas, na páxina web, sección "Visita de grupos".

Máis información



## *Probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e superior*

No DOG nº 11 do venres 16 de xaneiro sae publicada a Resolución de 7 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan de xeito ordinario probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o ano 2009.



## *Fundación 10 de marzo*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria colaborou en 2008 coa Fundación 10 de Marzo na elaboración da exposición *Do Gaudeamus igitur ao Venceremos nós. As mobilizacións estudiantís do 68 en Compostela.* Co obxectivo de difundir a historia daqueles acontecementos, a Consellería de Educación apoiou a iniciativa da Fundación 10 de Marzo de converter aquela mostra nunha exposición itinerante que está a disposición dos centros de ensino secundario.

Máis información



## *1º Certame MurArt XXI*

A Mutualidade de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE) creou o novo certame de carácter artístico Premio Mufart (artes plásticas para o século XXI) en colaboración co Banco Santander. Este primeiro ano o premio estará dedicado á obra gráfica (todas as modalidades de gravado) con tema libre. A convocatoria está dirixida aos mutualistas e empregados de MUFACE.

Máis información



*Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.*

*Ligazón á páxina de lexislación educativa: acceso*

# *Webs temáticos*

**Contidos Educativos**
**http://www.edu.xunta.es/contidos**



**Plan Galego de Convivencia**
**http://www.edu.xunta.es/convivencia**

**Plan Valora**
**http://www.edu.xunta.es/valora**

**Mupega**
**http://www.edu.xunta.es/mupega**

**Linguas estranxeiras**
**http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras**

**Rede TIC de Centros**
**http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic**

**Bibliotecas escolares**
**http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog**

# *Publicacións*

LOE

Lexislación de Educación Primaria

Lexislación de Educación Secundaria

Lexislación de Bacharelato

O proceso de adaptación. E ti … vas á escola?

Plan de Convivencia

Saudiña

Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento

Alumnado con discapacidade motora

Alumnado con problemas de conduta

Alumnado con discapacidade intelectual

Alumnado con sobredotación intelectual

Proxectos innovación educativa 2008-09

Premios de innovación educativa 2008

Plans e actuacións innovación educativa

Medrando sans. Hábitos saudables na Educación Infantil.

¿E por que?. Prevención de accidentes infantís

Guía do sistema educativo galego (10 idiomas)

Guía de comunicación básica (10 idiomas)

Dicionario visual interactivo

Sinalización das dependencias nos centros educativos en varios idiomas

Documentos de uso habitual nos centros